

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 21 DE MARZO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto de aprobación definitiva da modificación puntual nº 15 das Normas Subsidiarias Municipais de Vilanova de Arousa no lugar de Currás, parroquia de Caleiro.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se reorganizan centros públicos de educación secundaria e formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada das áreas de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a validación, a revogación parcial e a modificación da Resolución do 23 de setembro de 2008 (modificada a súa vez con data 30/12/2009 e 28/12/2011), pola que se encarga á empresa pública Xestur Ourense S.A. todas as actuacións necesarias para o desenvolvemento da ampliación do polígono industrial de Pazos en Verín.

MOCIÓNS E PROPOSTAS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Declaración institucional da Xunta de Galicia do Día forestal mundial día da árbore.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o estado de situación dos Plans de avaliación de entidades dependentes da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a posta en marcha do segundo Plan de racionalización do gasto de patrimonio inmobiliario.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: estabilización do desprendemento detectado no pk 24 + 300 da AG-64 autovía Ferrol-Vilalba, por unha contía de douscentos cinco mil noventa e cinco euros (205.095,00 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe sobre o Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.

A XUNTA APROBA DEFINITIVAMENTE A MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA QUE PERMITIRÁ A AMPLIACIÓN DE CONSERVAS DARDO

- ***Esta modificación ten por obxecto reclasificar como solo urbanizable un ámbito de 12.912 m2 clasificado nas Normas Subsidiarias como solo rústico de protección de costas e de núcleo rural***
- ***Corríxese o erro que supuxo non recoñecer este asentamento industrial de principios dos anos 60, e previo á actual Lei de costas, nas normas subsidiarias municipais do ano 97***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a Modificación Puntual nº 15 das Normas Subsidiarias Municipais do Concello de Vilanova de Arousa, no lugar de Currás, Parroquia de Caleiro.

Esta Modificación Puntual ten por obxecto reclasificar como solo urbanizable un ámbito de 12.912 m2 clasificado nas Normas Subsidiarias como solo rústico de protección de costas e de núcleo rural. O concello de Vilanova de Arousa dispón dunhas Normas Subsidiarias de planeamento municipal do 14/03/1997.

O proxecto formúlase ao abeiro da Disposición transitoria décimo terceira da LOUG, relativa a asentamentos xurdidos á marxe do planeamento, nos termos da Lei 2/2010, de medidas urxentes de modificación da LOUG, afectando ao ámbito antropizado onde se atopan xa implantadas as instalacións fabrís de Conservas Dardo desde os anos 60.

A xustificación do interese público da modificación puntual, esixida no artigo 94.1 da LOUG, baséase na delimitación dun sector de solo urbanizable para dotación de solo industrial ao concello, que permita amparar o desenvolvemento de actividades económicas que revitalicen o tecido produtivo.

Cómpre lembrar que antes do inicio da tramitación (15/03/2012) as partes asinaron un convenio, que recolle as obrigas da conserveira, materializadas nestas cesións públicas: 1.293 m2 de zonas verdes, 263 m2 de equipamentos, 1.308 m2 de rede viaria, 10% do aproveitamento urbanístico e recuperación da franxa dianteira do ámbito para destinala a senda peonil de 2 m de ancho e 242 m de longo, na servidume de protección de costas.

A modificación puntual corrixe o erro que supuxo non recoñecer este asentamento industrial de principios dos anos 60, e previo á actual lei de Costas do ano 1988, nas normas subsidiarias municipais do ano 97. Conservas Dardo conta cun ámbito de 12.912 m2 de superficie no lugar de Currás na parroquia de Caleiro, dos cales preto de 6.000 m2 (60%) se destinarán a uso industrial: conserveira de pescados e mariscos.

Antecedentes

En maio de 2012 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental dispuxo non someter a modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica. Posteriormente o Pleno Municipal aprobou inicialmente a modificación puntual e expúxoala ao público sen que se presentasen alegacións.

A Consellería de Medio Rural e do Mar emitiu un informe sobre a vinculación da actividade conserveira de marisco e a procedencia de usar auga limpa do mar. En xuño deste ano consta un acordo do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente; neste acordo outórgase a concesión de ocupación temporal de 80 m² de dominio público marítimo terrestre con destino á legalización da toma de auga e desaugamento.

A secretaría xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emite Informe previo a aprobación inicial (IPAI) e posteriormente informe en materia protección do litoral. Ademais consta un informe favorable do Ministerio de Medio Ambiente aos artigos 112 a y 117. 2 da Lei 22/ 1988 do 28 de xullo, de costas.

No mes de decembro o pleno da corporación municipal aproba provisionalmente o documento e remíteo á Xunta, constando o 6 de marzo de 2013 o Informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo.

CULTURA E EDUCACIÓN REFORZARÁ AS ENSIANZAS DE SECUNDARIA, BACHARELATO E FP COA POSTA EN MARCHA DO IES DO MILLADOIRO E DOS NOVOS CIFP AS MERCEDES E A CARBALLEIRA-MARCOS VALCÁRCCEL

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á creación deste novo instituto en Ames, que comezará a funcionar o próximo curso, dando resposta á demanda da cidadanía desta localidade***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria reforzará as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional a través da posta en marcha do novo IES do Milladoiro e da creación de dous novos Centros Integrados de Formación Profesional, nomeadamente o CIFP As Mercedes (Lugo) e o CIFP A Carballeira- Marcos Valcárcel (Ourense), que na actualidade funcionan como IES. Desta forma avánzase na consolidación da rede de CIFPs de Galicia – que chega así aos 19 centros integrados, co obxectivo de conseguir que estes centros oferten o 50% das prazas totais dos ciclos formativos de FP.

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e praxe ao traslado de ensinanzas preciso para levar a cabo esta nova planificación. Ademais, aprobouse a creación no novo IES do Milladoiro (Ames), un centro que contará con 16 unidades de ESO e 4 de bacharelato, o que implica un total de 612 prazas que darán resposta ás necesidades crecentes de prazas escolares desta poboación coruñesa, e á demanda da propia cidadanía do concello de Ames. A posta en marcha deste centro supón un investimento de máis de 8 millóns de euros por parte da Consellería, resultado da construción, equipamento, gastos de funcionamento e de persoal no IES. De feito, a posta en marcha do novo centro suporá a incorporación ao mesmo de 47-48 docentes, o que supón un gran esforzo da Consellería nestes momentos de crise.

Traslado de ensinanzas

Como consecuencia da creación do CIFP As Mercedes o alumnado de secundaria e bacharelato deste centro será redistribuído entre outros institutos da localidade de Lugo, mentres que o alumnado destes niveis de A Carballeira- Marcos Valcárcel será escolarizado no IES O Couto da cidade de Ourense.

A conversión en CIFP dos actuais IES As Mercedes e IES A Carballeira- Marcos Valcárcel permitirá á Consellería de Cultura e Educación crear preto de 200 novas prazas de ciclos formativos para o vindeiro curso nestes centros, reforzando a súa oferta formativa con novos ciclos, en especial nas ensinanzas para adultos, na modalidade presencial e a distancia e nos Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI). Ademais, abrírase a porta á creación de viveiros de empresas e ao desenvolvemento nestes centros do procedemento de recoñecemento, avaliación e acreditación da experiencia laboral para os profesionais que non dispoñen de

certificados ou titulacións oficiais, un proceso que poderá agora realizarse nestes centros.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DE XESTIÓN INTEGRADA DE LUGO, CERVO E MONFORTE DE LEMOS

- ***A xestión integrada simplifica as estruturas organizativas e busca unha organización coordinada, horizontal, transversal, sen chanzos, e que sitúa ao paciente como eixo do sistema***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto que regula a estrutura organizativa de xestión integrada das áreas de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos. O decreto sairá publicado proximamente no *Diario Oficial de Galicia*.

Trátase de continuar coa implantación da xestión integrada, cunha estrutura coordinada que asumirá a xestión dos recursos, prestacións e programas da atención sanitaria, tanto do nivel de atención primaria como especializada, así como sociosanitaria e de promoción e protección da saúde.

Beneficios da Xestión Integrada

A xestión integrada oríentase a acadar unha organización coordinada, horizontal, transversal, sen chanzos. Os obxectivos están centrados na atención no paciente coa implicación de todos os profesionais na toma de decisións mediante o uso da xestión clínica como ferramenta para evolucionar dun sistema xa superado de organización por compartimentos a outro transversal ou horizontal; e garantir a equidade, accesibilidade, continuidade, calidade e seguridade da atención.

Tamén busca minimizar a variabilidade clínica e eliminar a duplicidade de procedementos diagnósticos e terapéuticos; garantir a transparencia e a autonomía de decisión dos pacientes establecida na lexislación vixente; orientar a planificación dos procesos en torno aos problemas de saúde; e utilizar eficientemente todos os recursos mediante a promoción do traballo en equipo e a implicación dos profesionais na xestión.

A xestión integrada sitúa ao paciente como eixo do sistema pois recibirá unha resposta asistencial axeitada en tempo e lugar, sen sensación de trámites ou burocracia, sen repetición de probas de forma innecesaria, evitando derivacións innecesarias a servizos e sen esperas.

Para o persoal, esta nova estrutura aumenta as posibilidades de desenvolvemento profesional, pois permite maior mobilidade no contorno dos servizos da propia área – sempre de forma pactada e voluntaria- e proxección profesional, o que redundará en máis motivación e satisfacción.

Antecedentes

Este decreto é o desenvolvemento da obriga legal que establece a Lei 14/1986 xeral de sanidade e o artigo 97 da Lei 8/2008, de saúde de Galicia sobre a introdución na

asistencia sanitaria de modelos de xestión e fórmulas organizativas cunha visión horizontal e integradora dos procesos asistenciais.

Tamén está incluído como unha actuación do primeiro obxectivo da Estratexia Sergas 2014: saúde e demanda dos cidadáns.

AS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE PAZOS ADXUDICARANSE EN ABRIL E SERÁN FINANCIADAS POLA XUNTA CUN IMPORTE DE 4 MILLÓNS DE EUROS

- ***A empresa pública Xestur Ourense continuará sendo a encargada de executar os traballos, pero non do seu financiamento, que asume na súa integridade a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura a través do IGVS***
- ***O parque de Pazos ten na actualidade unha superficie de 132.000 metros cadrados, aos que se sumará unha superficie adicional de 70.581 metros cadrados, dos que máis de 46.500 serán de uso industrial***
- ***Preto de 11.000 metros cadrados da ampliación están xa comprometidos, o que supón case o 23 por cento do total da actuación***

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou un pagamento de máis de catro millóns de euros a Xestur Ourense co obxectivo de que a empresa pública poida afrontar a execución das obras da primeira fase da ampliación do polígono industrial de Pazos, no concello de Verín. O Goberno galego decidiu revogar parcialmente a resolución adoptada en 2008 pola Consellería de Vivenda e Solo, na que se encargou a Xestur Ourense a adquisición dos terreos e a posterior execución das obras do parque de Pazos con cargo ás contas da propia Xestur.

A decisión adoptada polo Goberno galego ten como obxectivo que a Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, recupere a iniciativa sobre a promoción do polígono co obxectivo de axilizar a súa construción, debido á situación financeira que atravesará Xestur. Deste xeito, a sociedade de promoción de solo de Ourense continuará asumindo a construción das obras, pero o financiamento corresponderá na súa integridade á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a través do IGVS.

Así, a Xunta de Galicia aboará a Xestur Ourense unha contía de 4 millóns de euros entre 2013 e 2014, en concepto de pagamento pola execución das obras da 1ª fase da ampliación do polígono industrial de Pazos de Verín, así como polo importe dos terreos xa adquiridos.

A Consellería de Medio Ambiente toma esta decisión co fin de evitar máis gastos financeiros a Xestur Ourense, o que permitirá afrontar a obra cos orzamentos do Instituto Galego de Vivenda e Solo. Tras este acordo do Consello, as obras de ampliación do parque empresarial, que xa están licitadas, poderán adxudicarse en abril e comezar no segundo semestre de 2013.

Cómpre lembrar que en setembro de 2008 o anterior responsable do IGVS asinaba unha resolución pola que se lle encargaba a Xestur Ourense todas as actuacións necesarias para o desenvolvemento da ampliación do Polígono Industrial de Pazos, en Verín. Nesta

mesma resolución indícase que os investimentos que implique esta actuación serán reintegrados polo IGVS mediante a adxudicación de parcelas lucrativas resultantes, é dicir, unha forma de pagamento en especie.

Tras a decisión de hoxe, Xestur deberá continuar cos traballos técnicos pendentes, como a escritura de agrupación e segregación, rexistro e certificacións catastrais e as obras de urbanización interiores e exteriores. Para isto, ao longo de 2013 o departamento que dirixe Agustín Hernández aboará 2,7 millóns de euros; mentres que en 2014 pagará 1.377.710 euros.

Ampliación de Pazos

O parque de Pazos ten na actualidade unha superficie de 132.000 metros cadrados, dos que 87.215 son de uso industrial e comercial. A obra licitada correspondente á primeira fase da ampliación sumará unha superficie adicional de 70.581 metros cadrados, polo que o polígono incrementará a súa capacidade nun 53%

Do total da superficie ampliada, 46.519 metros cadrados serán de uso industrial e comercial, repartidos en 12 parcelas. O resto da superficie corresponderá a equipamentos (3.052 metros cadrados), espazos libres e zonas verdes (10.321 metros cadrados) e superficie de vías e aparcamentos.

Desde a Xunta recordan que preto de 11.000 metros cadrados da ampliación están xa comprometidos, o que supón case o 23% do total da actuación. Os terreos da ampliación do parque empresarial de Pazos están adquiridos na súa totalidade, cun investimento de máis de 880.000 euros.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO DÍA FORESTAL MUNDIAL, DÍA DA ÁRBORE

En 1971 os Estados membros da Organización de Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) proclamaron a celebración do primeiro "Día Forestal Mundial", popularmente coñecido como Día da Árbore, o 21 de marzo, pois esta data supón o primeiro día do outono no hemisferio sur e o primeiro da primavera neste noso hemisferio, co obxectivo de imprimirlle carácter de simultaneidade en todo o mundo.

A calidade de vida está en gran medida ligada á presenza dunhas masas arbóreas que cobren hoxe unha terceira parte da superficie do planeta. As árbores realizan funcións e servizos indispensables e resultan esenciais para evitar o cambio climático.

Galicia, segundo os datos do IV Inventario Forestal Nacional, conta cunha superficie forestal de dous millóns de hectáreas. Supón isto máis do sete por cento da superficie forestal nacional o que, tendo en conta o tamaño da nosa Comunidade Autónoma, non é pouco dicir.

Os valores desta superficie son moitos, entre outras cousas podemos dicir que aquí se levan a cabo o 50% das cortas de madeira de España, e iso pon de manifesto a capacidade do sector galego e o seu peso no país.

Moitos son os recursos e aproveitamentos que o monte ofrece: madeira, pastos, froitos, cogomelos, biomasa, lecer, paisaxe... o equilibrio entre os distintos aproveitamentos é fundamental, de xeito que non perdamos recursos dispoñibles.

Podemos afirmar que a de hoxe é a unha data de especial significación para todos os galegos e galegas, xa que o monte supón para nós natureza, paisaxe, tradición e cultura, ademais dun recurso endógeno de primeira magnitude.

Desde o punto de vista da economía podemos afirmar que a árbore é a orixe dun importante sector que fornece unha materia con múltiples aplicacións, desde a construción e fabricación de mobles e utensilios ata a produción de papel ou a xeración de enerxía ligada a modernas instalacións de biomasa.

O monte foi a base que permitiu o sustento das sociedades antigas e posibilitou a tránsito á moderna sociedade dos nosos días, nas que os bosques desempeñan un papel fundamental, tanto desde o punto de vista económico como ambiental –depósito de carbono e verdadeiro pulmón do mundo actual- e tamén social e cultural –en canto espazo de expansión e lugar de encontro e espaxamento.

Por iso é unha obriga para todos o seu coidado e mantemento, tarefa na que se enmarca a precisa loita contra os incendios forestais, porque dos montes depende en

gran medida a nosa economía, amén do noso benestar. Coidando os montes garantimos o presente e o futuro de Galicia e do planeta.

A XUNTA SITÚASE Á CABEZA DE ESPAÑA NA RACIONALIZACIÓN DA SÚA ADMINISTRACIÓN PARALELA TRAS ELIMINAR XA 56 ORGANISMOS

- ***Os aforros acadados coas medidas de mellora nos entes que persisten superan xa os dos eliminados, nunha clara mostra da eficiencia do plan***
- ***O Goberno galego ten previsto aprobar este mesmo ano a terceira fase do plan, coa que completará a análise sobre toda a Administración paralela***
- ***A Xunta ultima un proxecto de Lei de racionalización que completa o procedemento e que avanza aínda máis na modernización da Administración***

O Consello da Xunta deu conta hoxe dun novo informe de seguimento sobre o Plan de Racionalización da Administración Paralela, que segue a desenvolverse na súa segunda fase e que situou a Galicia á cabeza de España na materia, xa que desde que iniciou o proceso de xeito pioneiro en 2009, a Comunidade Autónoma eliminou xa un total de 56 organismos do sector público e acadou uns aforros de máis de 35 millóns de euros.

O informe, do que deu conta no Consello o vicepresidente, Alfonso Rueda, destaca que, por vez primeira desde a posta en marcha do plan, os aforros acadados nos entes que continúan a existir superan xa os aforros logrados coa extinción de entes, o que dá boa mostra da importancia das case 400 medidas de mellora que se habilitaron e que buscan a máxima eficiencia e eficacia no funcionamento da chamada Administración paralela.

En total, nas dúas fases do plan vense afectados 116 organismos, co mandato de eliminar 73 e optimizar os restantes introducindo medidas específicas de eficiencia. Nestes momentos, están xa suprimidos 56 entes dependentes -44 fundacións, 5 consorcios, 5 sociedades publicas, 1 entidade de dereito público e 1 organismo autónomo-.

Organismos eliminados

Deles, na primeira fase foron suprimidos e liquidados un total de 44, mentres que outros 12 xa foron eliminados na segunda fase do plan. Trátase do Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia (CEEI); dos Consorcios e Servizos contra Incendios e Salvamento do Morrazo, Salnés e Baixo Miño-Condado-Louriña; da Fundación Centro Galego do Plástico; do Consorcio Audiovisual de Galicia; do Instituto Galego de Cooperación Iberoamericana; do Centro de Supercomputación de Galicia Sociedade Anónima; da Fundación Centro Tecnolóxico Téxtil; da Fundación Mar de Galicia; do Consorcio Galicia 2005 Vuelta al mundo a Vela; e do Consello da Xuventude (Conxuga).

As restantes operacións, ata completar as 73 supresións previstas, seguen o seu curso segundo os prazos previstos. Así, por exemplo, xa se deu un importante avance á reordenación do sector turístico coa posta en marcha da Axencia Galega de Turismo e agora procederáse á extinción de Turgalicia e do Instituto de Estudos Turísticos, así como á reformulación do Xacobeo. No caso da integración das xestures, o pasado

decembro o Consello autorizou o inicio dos trámites para constituír a empresa pública Xestión do Solo de Galicia e, unha vez creada, procederase á integración dos catro entes provinciais actualmente existentes.

Lei de racionalización

O obxectivo da Xunta é seguir polo camiño da racionalización da Administración no que foi pioneira e así, ademais de poñer en marcha este mesmo ano 2013 a terceira fase do plan, está a ultimar un proxecto de Lei de racionalización da Administración autonómica, co que completará o círculo das reformas que se iniciaron coa Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia.

A nova norma será un paso máis na modernización da Administración autonómica e suporá, así mesmo, un novo avance para seguir adelgazando a dimensión do sector público, con maior transparencia e xeneralizando as técnicas de auditoría interna. Así, a Xunta quedará obrigada a aprobar periodicamente plans de avaliación e reestruturación da Administración instrumental, nun proceso de mellora continua.

Ademais, a creación de novas entidades instrumentais quedará supeditada á emisión favorable de informe por parte da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, que terá que acreditar a súa necesidade por razóns de eficacia, autonomía de xestión e proximidade.

A XUNTA AFORRARÁ NESTA LEXISLATURA MÁIS DE 4 MILLÓNS DE EUROS CO SEGUNDO PLAN DE RACIONALIZACIÓN DE ALUGUEIROS

- *No exercicio 2013 reducirase un 20% o gasto previsto neste ámbito*
- *O novo Plan pretende optimizar o aproveitamento dos inmobles de titularidade autonómica e seguir consolidando e incrementando o aforro xa acadado*
- *O primeiro Plan de racionalización diminuíu un 25% o gasto en alugueiros na pasada lexislatura, pasando de 7,6 millóns de euros no 2008 a 5,7 millóns*

A Xunta de Galicia aforrará nesta lexislatura máis de 4 millóns de euros coa posta en marcha do segundo Plan de racionalización do gasto de patrimonio inmobiliario. Ademais, neste exercicio o aforro previsto supera o millón de euros, ao tempo que o gasto en alugueiros se reduce un 20% grazas á optimización e á eficiencia no uso dos inmobles propios.

Así se recolle nun informe presentado ao Consello da Xunta pola titular de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, sobre o novo Plan de racionalización de alugueiros posto en marcha co obxectivo de seguir consolidando e incrementando os aforros acadados na anterior lexislatura neste ámbito.

Este segundo Plan pretende lograr un mellor aproveitamento dos inmobles de titularidade autonómica, potenciando a localización dos servizos públicos en edificios que son propiedade da Comunidade Autónoma.

Nunha primeira fase, esta actuación centrarase na área de Santiago e permitirá situar nunhas mesmas dependencias departamentos da Administración autonómica relacionados entre si. Posteriormente, o Executivo galego estenderá o plan aos servizos periféricos no resto de áreas de Galicia.

Primeiro Plan de Racionalización de alugueiros

Este aforro súmase ao conseguido na pasada lexislatura, na que o primeiro Plan logrou diminuír un 25% o gasto anual destinado ao pagamento de alugueiros, o que supuxo un aforro anual de case 2 millóns de euros respecto ao que se gastaba na anterior. Así, o custo anual pasou de 7,6 millóns en 2008 a 5,7 millóns de euros.

Neste sentido, o Goberno galego foi incrementando ano a ano durante a lexislatura o aforro anual en alugueiros ata os 2 millóns de euros como consecuencia de tres tipos de actuacións. Por un lado, resolvendo contratos, aproveitando inmobles propios e, cando isto non foi posible, renegociando á baixa a renda que pagaba a Administración por algúns locais.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DE EMERXENCIA DAS OBRAS PARA A ESTABILIZACIÓN DUN NOIRO DA AUTOVÍA FERROL-VILALBA CO OBOJECTIVO DE GARANTIR A SEGURIDADE

- *As intensas choivas de xaneiro provocaron un desprazamento de rochas no punto quilométrico 24 + 300*
- *A Axencia Galega de Infraestruturas realizou unha inspección e considerou necesario reforzar o noiro para garantir a súa estabilidade*
- *As obras de emerxencia comezaron esta mesma semana e suporán un investimento de 224.000 euros*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe as obras de emerxencia necesarias para a estabilización dun noiro da Autovía Ferrol-Vilalba (AG-64) á altura do punto quilométrico 24 + 300, no tramo Igrexafeita-Espiñaredo.

Esta actuación é necesaria despois de que en xaneiro deste ano, por mor das intensas choivas rexistradas a finais de mes, se producise unha rotura con desprazamento de rocha. A Axencia Galega de Infraestruturas encargou un estudo xeotécnico co obxectivo de determinar as medidas necesarias para garantir a estabilidade da ladeira.

As obras de emerxencia comezaron esta mesma semana e consisten na realización dunha berma de 6 metros de ancho, tumbado do noiro existente a 45º para diminuír a súa pendente, e posterior reforzo consistente na proxección de formigón, colocación de ancoraxes e de malla, que permitirán incrementar a resistencia fronte aos desprazamentos, mellorando a súa estabilidade.

Estes traballos de estabilización do terraplén rematarán en dous meses, sempre que as condicións meteorolóxicas permitan avanzar ao ritmo previsto, e implicarán un investimento de máis de 224.000 euros por parte da Xunta de Galicia.

Durante os traballos manterase pechado ao tráfico nese punto o carril dereito da autovía na calzada en sentido Ferrol, para garantir a seguridade dos traballadores, así como dos usuarios da vía.

A pesar de que a zona de obra estará debidamente sinalizada, desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas solicítase precaución aos condutores que circulen por este punto e que teñan en conta a presenza de persoas executando estes traballos.

No mapa pódese observar a zona na que se actuará para garantir a estabilidade no noiro:



A XUNTA RECOLLE NO PLAN DE DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA INCREMENTOS DA DEDUCIÓN FISCAL POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN

- *Os beneficios fiscais pasarán de 300 a 360 euros para o primeiro fillo o próximo ano*
- *A dedución, ademais, incrementarase para o segundo fillo en 2015 e para o terceiro en 2016*
- *Estes beneficios aumentarán, ademais, a partir de 2014 nun 20 por cento para os contribuíntes residentes en municipios de menos de 5.000 habitantes*
- *Esta medida irá acompañada a partir de 2015 dunha suba na prestación económica do pagamento único por fillo a cargo da Consellería de Traballo e Benestar*
- *Inclúense tamén melloras nas axudas ao acceso á vivenda e ao transporte*
- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao Plan de Dinamización Demográfica, que se amplía de 50 a 67 medidas que se incluíron froito da tramitación anterior*
- *A Xunta retoma, deste xeito, a tramitación desta iniciativa para o seu posterior debate e aprobación no Parlamento*

A Consellería de Traballo e Benestar retoma a tramitación do “Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016. Horizonte 2020”. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao documento, para o seu posterior debate e aprobación definitiva no Parlamento. Este documento amplíase de 50 a 67 medidas para atallar o problema demográfico específico desta comunidade autónoma, que se artellan ao redor de catro áreas de intervención: a sensibilización da sociedade, o impulso socioeconómico da maternidade e paternidade, o apoio ás familias e a coordinación entre administracións.

Entre as medidas novidasas que se executarán destacan as relacionadas cos beneficios fiscais, axudas á vivenda e transporte.

Con respecto aos beneficios fiscais, o documento inclúe para 2014 un incremento de 300 a 360 euros da dedución fiscal por nacemento ou adopción do primeiro fillo, que irá aumentando gradualmente. Así, o Plan recolle tamén un aumento dos beneficios fiscais por nacemento ou adopción nos anos 2015 e 2016. Deste xeito, no exercicio 2015 está prevista unha suba polo segundo fillo de 360 a 400 euros e 400 a 450 euros polo terceiro fillo e sucesivos en 2016.

Ademais, e, como novidade, estes beneficios incrementaranse nun 20 por cento para aqueles contribuíntes residentes en beneficios de menos de 5.000 habitantes.

Paralelamente a estas deducións, o Goberno galego ten previsto ampliar a partir de 2015 a prestación económica do pagamento único por fillo a cargo, unha axuda da Consellería de Traballo e Benestar que actualmente é de 360 euros. Esta prestación económica está dirixida para aqueles casos nos que os pais non estean obrigados e non presenten a súa declaración da renda.

Así mesmo, está previsto duplicar o límite máximo actual pola dedución do 30 por cento da cota íntegra autonómica para os contribuíntes que, por motivos de traballo, teñen que deixar os fillos menores ao coidado dunha persoa empregada do fogar ou nunha escola infantil. Este límite pasará de 200 a 400 euros sempre que concorran unha serie de requisitos, como que ambos os pais realicen unha actividade por conta propia ou allea.

É preciso lembrar que Galicia é unha das comunidades autónomas que mellores beneficios fiscais ten asociados ao fomento da natalidade. Segundo os últimos datos oficiais ofrecidos polo Ministerio de Facenda (2010), o importe destes beneficios fiscais ascendeu a 12 millóns de euros – o 80% do total de deducións en IRPF establecidas pola Comunidade Autónoma (que supoñen menos ingresos nas arcas da Comunidade). Galicia é a única rexión, xunto con Valencia, que na actualidade mantén a dedución por nacemento de fillos durante os tres primeiros anos de vida, aínda que en Galicia o importe deducible é de 300 e 360 euros, mentres que en Valencia é de 270, segundo os datos correspondentes á declaración do 2011.

Axudas á vivenda

En materia de vivenda, para a compra, aluguer ou reforma, para efectos de ponderación de ingresos da unidade familiar terase en conta ao fillo ou filla concibida, sempre que na aplicación desta fórmula se obteña un maior beneficio. Igual tratamento terá a acreditación de adopción en trámite. Para isto, modificaríase o vixente Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas neste eido.

Por último, tamén destaca, no eido do transporte público, a incorporación dunha bonificación adicional nos pagamentos coa tarxeta metropolitana de Galicia aos membros de familias numerosas.

Medidas novidasas

A situación demográfica de Galicia iniciou o seu debate na Cámara Galega en 2011, cando se creou unha comisión específica sobre este asunto: a comisión non permanente de estudo para a elaboración do Plan de Dinamización Demográfica de Galicia. O Plan partiu da realidade específica de Galicia e ten un enfoque transversal e a longo prazo. O documento estrutúrase en 67 medidas, que se articulan arredor de 16 obxectivos estratéxicos e 4 áreas de intervención.

Entre as medidas novas que se incluíron a raíz do debate desta problemática na Cámara galega destacan, na área de sensibilización, a información e asesoramento técnico ás empresas sobre a protección das traballadoras embarazadas, en situación de parto recente ou lactación; e a promoción da avaliación de riscos e a protección da maternidade no traballo.

A segunda área céntrase no impulso socioeconómico á maternidade/paternidade. Neste eido de actuacións, propóñense, ademais da mellora dos beneficios fiscais, medidas como o impulso de novas abordaxes entre as empresas nas excedencias ou redución das xornadas; ou campañas de sensibilización entre as empresas para que apliquen tarifas de tipo social ou distintas bonificacións ás familias –non só ás numerosas. Neste eido, unha das medidas novas é o apoio ás persoas interesadas na adopción ou no acollemento familiar.

Apoio ás familias

A seguinte área, de apoio ás familias, contén medidas como a creación de novas prazas de escolas infantís. Ata o de agora, xa se crearon preto de 3.000 prazas na pasada lexislatura, o que supón un incremento con respecto a 2009 dun 55%, e ese esforzo continuará coa planificación prevista nos próximos catro anos que sumarán outras 3.500 máis. Para esta área de intervención, tamén se recollen outras medidas como o fomento da racionalización dos horarios dos centros de atención (isto é, axustar os horarios ás demandas reais das familias); ou a diversificación de servizos prestados á infancia. Ademais, estudárase promover medidas para favorecer o acceso á vivenda e aos transportes das familias.

Neste eido terceiro do plan, o de apoio ás familias, inclúense agora como novidade a programación de actividades culturais e de ocio conxuntamente destinadas a todos os membros da unidade familiar; a contribución e fomento da diversificación económica dos ámbitos rurais e costeiros non urbanos, así como o fomento da conciliación da vida laboral, persoal e familiar nos eidos agro-gandeiro e marítimo-pesqueiro. Por último, e entre outras actuacións incorporadas, salientáanse medidas para facilitar a integración social e laboral de persoas inmigrantes e retornadas.

O último núcleo de intervención aborda a coordinación interdepartamental e a transversalidade. Para acadar os seus obxectivos, impulsáronse medidas como foros e congresos especializados, convenios entre distintas administracións públicas ou o establecemento da promoción do crecemento demográfico como criterio positivo de valoración nas convocatorias das axudas das Administracións.

Para a elaboración deste Plan, é preciso lembrar que se tiveron en conta as intervencións realizadas na Comisión parlamentaria e que previamente se fixo unha enquisa para obter “unha radiografía” do problema en Galicia. Neste estudo, realizáronse 1.200 entrevistas a persoas con idades de entre os 15 e os 65 anos. Os resultados desta amosaron, como principal conclusión, que os galegos non perciben o problema demográfico. De feito, de cinco cuestións que se presentaron son (emprego, cambio climático, situación democrática, emigración e poucos nacementos), o problema demográfico quedou en último lugar, cunha notable diferenza coas outras preguntas, xa que só foi considerado como o principal problema por un 18 por cento dos enquisados.